

# JEANETTE, L'ENFANCE DE JEANNÉ D'ARC

# 311

[Bruno Dumont, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 16.03.2018 | V.O.S.E.

*Jeannette, l'enfance de Jeanne d'Arc* (2017, 115')

**Dirección:** Bruno Dumont

**Guión:** Bruno Dumont, Charles Peguy

**Elenco:** Aline Charles, Jeanne Voisin, Lise Leplat Prudhomme, Lucile Gauthier, Victoria Lefebvre

**Son:** Philippe Lecoœur

**Montaxe:** Basile Belkhir, Bruno Dumont

**Fotografía:** Guillaume Deffontaines

**Vestuario:** Alexandra Charles

**Dirección de arte:** Erwan Le Gal

**Produtoras:** 3B Productions, ARTE, Arte France (Francia)

**Distribuidora:** La Aventura Audiovisual

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.55:1

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Alta sociedad*, 2016

*O pequeno Quinquin*, 2014

*Camille Claudel 1915*, 2013

*Hors Satan*, 2011

*Hadewijch*, 2009

*La humanidad*, 1999

*La vida de Jesús*, 1997

## PREMIOS E FESTIVAIS

Festival de Xixón 2017 (Sección oficial),

Prix Louis Delluc 2017 (Nomeado a mellor filme)

## SINOPSE

Francia, 1425. No medio da Guerra dos Cen Anos, Jeannette, con só 8 anos, coida as súas ovellas na vila de Domremy. Un día dille á súa amiga Hauviette que non pode aguantar máis o sufrimento que causan os ingleses. Madame Gervaise, unha monxa, intenta razoar coa nena, pero Jeannette está lista para tomar as armas e lograr a salvación do imperio francés. Guiada pola súa fe, converterase en Xoana de Arco.

«Dumont agasállanos o que sen dúbida é o musical máis estraño da historia do cinema, unha tremenda, austera e única loucura cinematográfica»

CINE PREMIÈRE



# JEANNETTE, L'ENFANCE DE JEANNÉ D'ARC

[Bruno Dumont, 2017]

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “Jeannette é unha moza ordinaria que se converte en extraordinaria”

**Entrevista con Bruno Dumont**  
Por Nicolas Gilson

**Logo dunha viraxe cara á comedia n' *O pequeno Quinquín* (2014) e aínda máis en *La alta sociedad* (2016), decides atacar a comedia musical. Por que esta escolla?** É un xénero que non coñecía, que nunca tiña abordado. Son moi curioso. Gústame facer cousas novas. Sorprendeume porque a música permite abordar determinadas cousas que doutro xeito resulta bastante difícil. Vivimos unha época na que se tende a simplificar ou aplanar as cousas, e a música axuda a ser esixente co espectador sen por iso resultar fatigoso, pretencioso ou intelectual. Os filmes intelectuais fatíganme. A comedia musical permite dicir en forma de cancións cousas ás veces bastante complexas que a música axuda a facer comprender.

**Baseácheste en dúas obras de Charles Peguy. Por que?** Peguy tivo un itinerario bastante curioso. Era socialista e ateo e ao cabo de cinco anos converteuse en antisocialista, católico, cristián e místico. Encontramos por tanto nunha mesma peza de teatro a obra dun ateo e a obra dun cristián. Esta mestura serve á perfección para nos falar dun sentido da duplicidade, da capacidade de pasarmos dun estado a outro, mesmo

intelectualmente. Xoana de Arco responde á mesma idea: ela é unha muller á vez guerreira e santa, que está próxima aos pobres e a Deus, quere salvar o seu país e mesmo ao mundo enteiro, que é todo e o seu contrario. Hai coincidencias importantes entre o suxeito e a forma.

### Como traballastes as cancións?

Igorrr fai unha música particular, non necesariamente melódica senón máis ben paroxística e psicodélica. Eu quería minimizar a melodía, cando menos durante o texto. Pedínlle ás rapazas que compuxeran *a capella* melodías que lles fosen próximas. Deille ese material a Igorrr para que lles puxese música. Foi unha maneira orixinal de traballar. A maior parte das comedias musicais fanse en play-back, aquí todo é son directo.

### En *Jeannette* viaxamos da música electrónica ao heavy metal. Por que esta escolla?

Iso é Igorrr. Empezou a súa viaxe como fixeron Peguy e Xoana de Arco. Estou moi ledo de ter contado con este músico polícromo, que pasa dun xénero a outro en cuestión de segundos, pois iso cadra á perfección coa poesía de Peguy que é moi curiosa de ler, moi alucinada e colorista. A música ten ese poder de nos facer pasar dun estado a outro. Isto permite transportar o espectador e faille acceder a un nivel superior sen sermos abstractos ou intelectuais. Buscaba unha música que non fose demasiado actual, como a que escoitamos en todas partes. Non me gusta demasiado a música francesa contemporánea pois péreceme moi

pretenciosa. Gústame o que se coñece como post-rock electrónico, unha escena que ao tempo que procura a súa renovación, navega a través da historia do rock. Peguy é moi roqueiro dalgún xeito. E todo o mundo comprende o rock.

**Como concibiches a coreografía?** Foi algo similar. Philippe Decouflé fíxose cargo. Foi un pouco desconcertante cando viu ás mozas por vez primeira pois elas non sabían bailar. Díxenlle que se trataba do nacemento do baile, e axiña aceptou o reto. Analizou as súas capacidades e adaptounas á coreografía para non pedirles cousas ás que elas non fosen quen de chegar. Acompañámonas no nacemento da coreografía. Jeannette, é a Xoana de Arco que está a nacer. As torpezas e as imperfeccións non eran un problema. Quería mostrar a infancia en toda a súa inocencia.

**Esas imperfeccións dan ao personaxe toda a súa forza.** É sincero mais tamén é falso, como a natureza humana. Atopámonos a un tempo coa dificultade de facer algo e a necesidade de facelo ben. Progresamos canda Xoana de Arco, quixen facer sentir ao espectador este camiño, moi reconfortante, na compañía da nosa heroína. Jeanne é unha moza ordinaria que se converte en extraordinaria. O filme mostra o nacemento do extraordinario no ordinario.

Publicado en [www.ungrandmoment.be](http://www.ungrandmoment.be)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Jeanne d'Arc*, Jules Michelet. Gallimard, 2017  
*Juana de Arco*, Louis-Maurice Boutet de Monvel. Thule, 2015  
*La pasión de Juana de Arco*, Carl-Theodor Dreyer. Llamentol [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónate  
e ven sempre  
por  
**4,5€**

**Faite  
NUMAX!**